



COMUNICACIÓN DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR NA CORUÑA, RELATIVA Á CELEBRACIÓN DUN SORTEO PARA DIRIMIR O EMPATE NO PROCEDEMENTO DE INCREMENTO DE COTAS DE CAPTURA PARA AS EMBARCACIÓNS INCLUÍDAS NO PLAN DE XESTIÓN PARA O RECURSO ESPECÍFICO PERCEBE, MODALIDADE DENDE EMBARCACIÓN, DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE LAXE

Antecedentes

1. O 21.04.2023 esta dirección territorial ditou a Resolución pola que se aprobou e publicou a lista aberta para o incremento de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión para o recurso específico percebe, modalidade dende embarcación, da confraría de pescadores de Laxe.

2. O 09.05.2023 comunicouse ás persoas armadoras da embarcacións integrantes o uso dela para ofertar sete (7) cotas ás embarcacións que lles correspondía segundo a orde de prelación ocupada, tendo en conta o número máximo de tripulantes que constaban no certificado de conformidade delas, que finalmente non se aceptaron por ningunha delas.

3. A Resolución do 03.04.2025 desta dirección territorial actualizou a lista aberta logo da finalización do proceso de renovación da modalidade na entidade para o trienio 2025-2027, e da entrada en vigor do novo plan de xestión para este trienio aprobado pola Orde do 19 de decembro de 2024 pola que se aprobaron os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2025-2027.

4. A Resolución do 30.04.2025 desta dirección territorial comunicou ás persoas armadoras das embarcacións integrantes da lista aberta o uso dela para ofertar unha (1) cota á embarcación ALBERTO SEGUNDO (CO-3 1-09) segundo a orde de prelación.

O 30.04.2025 a Confraría de Pescadores de Laxe achegou un escrito da persoa armadora da embarcación ALBERTO SEGUNDO (CO-3 1-09) no que rexeita a cota ofertada e outro escrito da persoa armadora da embarcación JORGE (CO-3 1575) no que tamén rexeita a cota que lle correspondería.





5. Na lista aberta obsérvase un empate con 10,00 puntos entre tres (3) embarcacións que optarían á cota a ofertar. Xa que logo, é necesario desfacer este empate para establecer a orde de prelación entre elas previamente á publicación da oferta da cotas dispoñible.

O apartado A.8 do anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos establece que:

"En caso de empate na puntuación obtida, resolverase por sorteo en presenza das persoas afectadas pola dita situación".

En virtude de todo o anterior,

COMUNICO:

A celebración dun sorteo público presencial na sede do Departamento Territorial da Consellería do Mar da Coruña para dirimir o empate xurdido entre embarcacións integrantes da lista para o incremento do número de cotas de captura para o recurso específico percebe, modalidade dende embarcación, da confraría de pescadores de Laxe.

Lugar da celebración:

Departamento Territorial da Consellería do mar da Coruña
Rúa Ramón y Cajal nº 2, 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña

Data:

Luns 9 de xuño de 2025

Hora:

10.00 h en primeira convocatoria e 10.30 h en segunda convocatoria

Relación de embarcacións empatadas:

Embarcación	Matrícula	Folio	Total
AVE S	CO-3	3-20	10,00
ISAAC	CO-3	1600	10,00
O SALMONETE	CO-3	2-11	10,00

Posto que se trata dun sorteo público, pode acudir calquera persoa interesada.

Por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrência competitiva e de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, esta comunicación de sorteo publicarase na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e producirá





os mesmos efectos que a notificación individualizada. Este anuncio tamén se realizará, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios do departamento territorial da Coruña e da confraría de pescadores de Laxe.

Levantarase acta da realización do sorteo que reflectirá a orde de prelación das embarcacións e persoas aspirantes empatadas para continuar coa tramitación do proceso de selección.

A directora territorial
P.A. (Resolución do 13 de maio de 2024)
O xefe do Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro
Miguel Gómez Losada
(asinado dixitalmente)

